



De seguido infórmolle dos acordos, da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o xoves, día 27 de xaneiro de 2005, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

- \* Aprobación da proposta de premios extraordinarios fin de carreira.
- \* Aprobación da proposta de premios extraordinarios de doutoramento nos ámbitos científico, tecnolóxico e xurídico-social.
- \* Aprobación da convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.
- \* Concesión da comisión de servizos a D. Emilio Marañón Sanz para a súa incorporación como investigador no CNRS.
- \* Aprobación do máster: especialista en viticultura e enoloxía.
- \* Aprobación da posta en marcha do curso de nivelación para educadores sociais.
- \* Aprobación da proposta de modificacións parciais da R.P.T. de funcionarios.
- \* Estimación dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentados polos seguintes alumnos: Dna. M<sup>a</sup> del Mar Collazo Fernández, D. Santiago Fernández Sánchez, Dna. Begoña García Dinis, Dna. Montserrat Gil Pequeira, D. Arturo González García, Dna. Nieves Lara Pintos. Dna. Beatriz Prieto Comesaña (na materia de contabilidade Financeira II) e Dna. Yolanda Rilo Arteaga.  
Desestimación dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentados polos seguintes alumnos: Dna. M<sup>a</sup> del Mar Domínguez Martínez, Dna. Beatriz Prieto Comesaña (na materia Contabilidade Financeira I), Dna. M<sup>a</sup> Paz Salgado Blanco, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Fragueiro e D. Marcos Vilar González.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da educación de Ourense e do Regulamento de organización e funcionamento do Departamento de dereito público.
- \* Aprobación da proposta de Regulamento do arquivo universitario.
- \* Aprobación dos seguintes convenio: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, Complutense de Madrid, Barcelona, Extremadura e Pablo de Olavide para a creación dun centro de diagnóstico e modelización do clima – Convenio de cooperación entre as universidades de Extremadura, Oviedo, Santiago de Compostela e Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario – Convenio de cooperación entre a Universidade Federal do Paraná e a Universidade de Vigo.- Convenio de colaboración entre a Universidade Nacional de Misiones (Arxentina) e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario.
- \* Foi elixido D. Xan Lago Teijeiro como membro da Comisión de organización académica e profesorado polo sector de estudantes.
- \* Foi elixido D. Xan Lago Teijeiro como membro do Consello social polo sector de estudantes.

Vigo, 31 de xaneiro de 2005  
A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe